Concello de Camariñas

# Ruta Litoral de Camariñas




## Información xeral

- **HORARIOS:**
  **ASEOS E SERVIZOS ADAPTADOS:**
  Tempada de baños: desde o 1 de xullo ao 31 de agosto de 12:00 a 20:00 h.
- **EMERXENCIAS:**
  SOS: 112
  Policía Local: **607 482 382**
  Concello: **981 73 60 00**
  Protección Civil: **650 420 021**
- **Hospital máis próximo:**
  Hospital Virxe da Xunqueira de Cee, 35 km.
  Paseo do Alcalde Pepe Sánchez 7.
  Telf.: 981 70 60 10, en horario de oficina.

**RUTA LITORAL DE CAMARIÑAS**
**RC - 2**

**GPS:** N: 43° 11' 16.31" W: 9° 05' 24.58"

**SENDEIRO AZUL**

**PERCORRIDO:** desde o Museo Man de Camelle ata o Museo do Encaixe de Camariñas
**DURACIÓN:** 6 horas.
**DISTANCIA:** 26 km.
**GRAO DE DIFICULTADE:** Fácil.

Recorre a costa virxe e escarpada da Rede Natura - Costa da Morte e enlaza os lugares con Bandeira Azul de Camariñas: o Museo Man de Camelle, a Praia de Arou e máis o Club Náutico de Camariñas. Comparte parte do percorrido coa Ruta Costa da Morte e co Camiño dos Faros.




### Museo Man de Camelle
### Casa - Museo do Alemán
Rúa do Muelle, 9. Camelle
981 710 224
**museomandecamelle.com**

### Museo dos Faros
En Faro Vilán
647 39 80 23 - 647 60 81 58
**www.farovilan.com**

### Museo do Encaixe
Praza da Insuela s/n. Camariñas
981 737 004
**www.mecam.net**

# Ruta Litoral de Camariñas

A Ruta do Litoral de Camariñas é un **Sendeiro Azul** que recorre unha costa virxe de gran valor paisaxístico e medioambiental, con fermosas **praias** e **calas**. O sendeiro enlaza **tres museos de Camariñas**: o Museo Man de Camelle, o Museo do Encaixe de Camariñas e o Museo do Faro Vilán. É unha ruta sen dificultade e apta para todo tipo de camiñantes, con tan só un par de subidas de menos de 100 metros de desnivel, entre Arou e o Cemiterio dos Ingleses. **A ruta é accesible** nos tramos próximos ás localidades polas que pasa e nas pasarelas dalgunhas praias. A maior parte da ruta transita pola zona protexida da **Rede Natura 2000 – Costa da Morte**.

## Paseo polo patrimonio: museos, faro Vilán e Cemiterio dos Ingleses

No **Museo Man de Camelle** exhíbese a obra de Manfred Gnädinger, o gran artista alemán da Arte na Natureza, ou Land Art. No impresionante **faro Vilán** atópase o **Museo dos Faros**, unha sala de exposicións e unha cafetería. Foi construído en 1890 tralo naufraxio do acoirazado británico **HMS Serpent**, sendo o primeiro faro eléctrico de España. Os 172 tripulantes falecidos están enterrados no **Cemiterio dos Ingleses**, que forma parte da Ruta dos Cemiterios Significativos de Europa e está declarado Itinerario Cultural Europeo. Podemos descubrir 62 dos centos de **naufraxios** ocorridos nestas costas, e escoitar os relatos das súas historias, explorando a costa coa aplicación Layar instalada no teléfono móbil. O **Museo do Encaixe de Camariñas** recolle a tradición e os deseños máis innovadores desta artesanía, sinal de identidade de Camariñas, que cada Semana Santa homenaxéaa celebrando a **Mostra do Encaixe**.

## Camiñando polo corazón da Costa da Morte

Este espazo natural é unha das zonas virxes máis extensas e de maior biodiversidade do noroeste peninsular. O cabo Vilán é desde 1933 **Sitio Natural de Interese Nacional** e tamén é **Zona de Especial Protección para Aves**, ZEPA. Por esta costa transitan miles de **aves mariñas migratorias e invernantes** e aniñan especies en perigo de extinción como a Gaivota Tridáctila e o Arao Común. Entre a **flora**, destacan especies como a **Caramiña** (Corema album), que dá nome ao municipio, e os abundantes arbustos do xénero Ulex.

A **erosión** do vento e o mar dá lugar a unha gran variedade de formas xeomorfolóxicas con caprichosas figuras antropomórficas, como a **Pedra dos Namorados**, e zoomórficas, como a **Pedra do Oso**. Xunto ás praias de bolos do cuaternario destaca a duna de **Monte Branco**, monumento natural protexido que, con máis de 150 metros, é a duna remontante máis alta da Península. A costa de Camariñas, con numerosas **praias virxes**, é idónea para a práctica do **sendeirismo**. Hai varias rutas sinalizadas, entre elas o **Camiño dos Faros**, cuxas etapas 4, 5 e 6 comparten tramos coa Ruta Litoral de Camariñas, aínda que este sendeiro azul presenta menor dificultade.

La Ruta del Litoral de Camariñas es un **Sendero Azul** que recorre una costa virgen de gran valor paisajístico y medioambiental, con hermosas **playas y calas**. El sendero enlaza **tres museos de Camariñas**: el Museo Man de Camelle, el Museo do Encaixe de Camariñas y el Museo do Faro Vilán. Es una ruta sin dificultad y apta para todo tipo de caminantes, con tan solo un par de subidas de menos de 100 metros de desnivel, entre Arou y el Cementerio dos Ingleses. **La ruta es accesible** en los tramos cercanos a las localidades por las que pasa y en las pasarelas de algunas playas. La mayor parte de la ruta transita por la zona protegida de la **Red Natura 2000 – Costa da Morte.**

## Paseo por el patrimonio: museos, faro Vilán y Cementerio de los Ingleses

En el **Museo Man de Camelle** se exhibe la obra del Manfred Gnädinger, el gran artista alemán del Arte en la Naturaleza, o Land Art. En el impresionante **faro Vilán** se encuentra el **Museo de los Faros**, una sala de exposiciones y una cafetería. Fue construido en 1890 tras el naufragio del acorazado británico **HMS Serpent**, siendo el primer faro eléctrico de España. Los 172 tripulantes fallecidos están enterrados en el **Cementerio de los Ingleses**, que forma parte de la Ruta de los Cementerios Significativos de Europa y está declarado Itinerario Cultural Europeo. Podemos descubrir 62 de los cientos de **naufragios** ocurridos en estas costas, y escuchar los relatos de sus historias, explorando la costa con la aplicación Layar instalada en el teléfono móbil. **El Museo del Encaje de Camariñas** recoge la tradición y los diseños más innovadores de esta artesanía, seña de identidad de Camariñas, que cada Semana Santa la homenajea celebrando la **Muestra del Encaje.**

## Recorriendo el corazón de la Costa da Morte

Este espacio natural es una de las zonas vírgenes más extensas y de mayor biodiversidad del noroeste peninsular. El cabo Vilán es desde 1933 **Sitio Natural de Interés Nacional** y es también **Zona de Especial Protección para Aves**, ZEPA. Por esta costa transitan miles de **aves marinas migratorias e invernantes** y anidan especies en peligro de extinción como la Gaviota Tridáctila y el Arao Común. Entre la **flora**, destacan especies como la **Caramiña** (Corema album), que da nombre al municipio, y los abundantes arbustos del género Ulex.

La **erosión** del viento y el mar da lugar a una gran variedad de formas geomorfológicas con caprichosas figuras antropomórficas, como la **Piedra de los Enamorados**, y zoomórficas, como la **Piedra del Oso**. Junto a las playas con grandes cantos rodados del cuaternario destaca la duna de **Monte Branco**, monumento natural protegido que, con más de 150 metros, es la duna remontante más alta de la Península. La costa de Camariñas, con numerosas **playas vírgenes**, es idónea para la práctica del senderismo. Hay varias rutas señalizadas, entre ellas el **Camiño dos Faros**, cuyas etapas 4, 5 y 6 comparten tramos con la Ruta Litoral de Camariñas, aunque este sendero azul presenta una dificultad menor.